

VIEIROS

Edición xeral

Editan un libro en homenaxe a Carballo Calero

Coincidindo co décimo aniversario da súa morte, a Biblioteca 'Francisco Pillado Mayor' do Departamento de Galego Portugués da Universidade de A Coruña edita unha recopilación de escritos sobre teatro de [Carvalho Calero](#).

- 22:53 25/10/2000

O volume 'Escritos sobre teatro' recolle cronoloxicamente o que en diversos medios foi publicando o autor ó longo de corenta anos da súa vida.

Ensaio, conferencias, investigacións e artigos varios dun personaxe prolífico que cultivou ademais a poesía e a novela. Precisamente, Carvalho Calero fora o autor da primeira novela publicada en galego logo da Guerra Civil.

A obra é editada pola Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor" do Departamento de Galego-Portugués da Universidade de A Coruña. Está prologado por Laura Tato, a coordinadora científica da Biblioteca.